“Pechar” o libro:

Unha vez rematemos de ler podemos premer brevemente sobre o botón de encendido e o libro pasará a modo “repouso”. Tamén se poñerá neste modo simplemente con deixalo sen usar. Para “espertalo” repetimos a pulsación breve no botón de acendido, co cal aparecerá a páxina na que deixamos de ler.

Cando rematemos de usalo hai que ter a precaución de deixalo tapado coa funda, que é o mellor xeito de protexer a pantalla, o elemento máis delicado do libro.

Cargador: sendo un aparello electrónico precisa de enerxía para funcionar, aínda que o consumo é moi pequeno. O lector préstase cun cable para a súa recarga. Como é de supoñer o extremo máis pequeño conéctase ao libro, na parte inferior do mesmo, e o outro extremo a un porto USB libre do ordenador.



Préstamo do Lector de libros electrónicos (e-reader):

As condicións de préstamo son as mesmas que para os outros préstamos da biblioteca, salvo a duración do mesmo, que será de 20 días (tres semanas) non prorrogables, nun intento de que sexa utilizado polo maior número posible de persoas.

Unha vez ‘normalizado’ o seu uso, terá o mesmo tratamento temporal que o resto dos préstamos.

Igualmente, como en todos os demais préstamos, a persoa que recibe o lector faise responsable do mesmo e para a súa retirada será preciso presentar o carné da biblioteca.

Os libros en préstamo:

Sendo un sistema relativamente recente e con pouco tempo na nosa biblioteca, o número de libros que podemos “cargar” nos nosos lectores é pequeno de momento, aínda que medrando. A mayoría deles son os que utilizamos nos diferentes clubs de lectura.

Pódese solicitar a compra de e-books do mesmo xeito que se solicita a compra doutros fondos para a biblioteca. Hai que ter en conta que non todo o publicado en formato impreso está disponible en formato electrónico, especialmente cando se trata de textos en galego, por desgraza.

Algúns títulos dos que xa podes dispor:





O noso catálogo:

No catálogo da biblioteca, que se pode consultar en rede a través do blog (http://pedradaaguia.blogspot.com.es/), aparecen marcados como (e-book) ao lado do título.

Tamén se poden localizar por “materia”, no mesmo catálogo, escribindo E-Book na caixa de busca.

IES Pedra da Aguia

Biblioteca

O libro electrónico

Guía de uso

A biblioteca do IES Pedra da Aguia conta con algúns lectores de libros electrónicos a disposición dos usuarios.
Nesta pequeña guía nos propoñemos aclarar algúns conceptos sobre o seu funcionamento e as normas de préstamo dos mesmos.

Lector de libros electrónicos (e-reader):

É o aparello que permite ler os libros editados en formato dixital. É o **soporte** que contén o libro, ou libros. Móstranos na pantalla o texto e as imaxes, que están 'escritos' coa chamada tinta electrónica, de aspecto moi similar á tinta tradicional. Estos lectores (*non confundir coas 'tablets'*) non teñen iluminación propia, polo que os ollos non sofren coa lectura, non provocan máis cansazo do que podería provocar a lectura nun libro de papel.

Diferentes tipos de lector

Libro electrónico (e-book):

É o libro que coñecemos, o texto, en formato dixital. É a versión electrónica dunha obra literaria. Un único lector (e-reader) pode conter moitos libros electrónicos (e-books), coa conseguinte vantaxe de facilidade de almacenamento, de transporte, etc. Podemos levar con nós a nosa biblioteca enteira nun só aparato.



Os nosos lectores (e-readers):

Existen numerosos modelos de lectores con algunas características máis ou menos comúns e outras máis específicas. O modelo co que contamos na nosa biblioteca é un modelo táctil e con conexión wi-fi para internet. Veremos algunas das características de uso máis importantes:

Para ler:
Pulsa co dedo no título que che interese.

Botón de encendido:
Pulsación corta > 'desperta' o lector.
Pulsación longa > apaga por completo/encende o lector.

Botón inicio:
Volve á pantalla principal en calquera momento.

Botón atrás:
Volve á pantalla anterior.

Funcións principais:

Seleccionar libro:
Para escoller un dos libros (e-books) almacenados no lector simplemente pulsamos sobre el. Os libros poden aparecer coas portadas á vista ou nunha listaxe co título e o autor. Se non están a vista ao encendelo podemos localizalos pulsando en "biblioteca", na parte inferior da pantalla.



Pasar páxina:
Unha vez aberto o título que nos interesa podemos pasar as páxinas simplemente deslizando o dedo pola pantalla.

O menú de lectura:
Pulsando brevemente no centro da pantalla aparecerá o menú principal de lectura que nos permitirá, entre outras cousas, escoller o tamaño de letra, ir a una páxina concreta no libro ou buscar una palabra ao longo de todo o texto.

Dicionario:

Outra función interesante dos lectores electrónicos é o dicionario. Pulsando sobre una palabra durante uns segundos ábrese un menú que nos permite ver a definición da palabra (ou a tradución inglesa).

Se pulsamos en "ver definición completa" obteremos unha información máis detallada sobre a palabra en cuestión.